

BASES DO III CONCURSO DE DEBUXO 2014

TEMÁTICA: “COMO COIDARÍAS O PLANETA”

1. O concurso terá como **tema “COMO COIDARÍAS O PLANETA”**
2. Os participantes deberán realizar un debuxo sobre como coidarían o planeta. O debuxo presentarase nun papel ou cartolina tamaño folio.
3. **No reverso da cartolina ou folio, deberán figurar: O nome e apelidos, curso escolar que fixo este ano.** Estes datos non serán utilizados para ningún fin alleo ó concurso. No momento do concurso, o debuxo presentado á organización poralle un número identificador, que será o que miren os xuíces.
4. Os participantes deberán ter idades comprendidas entre os 3 e os 13 anos.
5. Estableceranse **dúas categorías**, por cursos:
 - **Nenos de 3 anos a 2º curso.**
 - **Nenos de 3º a 6º curso.**
6. **Os premios para as dúas categorías consistirá en material de debuxo e escolar valorado en 50€ e un diploma.** So se admitirá un debuxo por neno.
7. **Os debuxos se presentarán nas oficinas do Concello de Covelo ou na biblioteca municipal. O prazo de inscrición será a partir do martes, 1 de Xullo e rematará o venres, 18 de Xullo do 2014 as 14:00 h.**
8. A composición do xurado será a seguinte:
 - Un hostaleiro/a (aínda sen concretar)
 - Representante das Mulleres Rurais.
 - Representante da Comunidade de Montes de Covelo.Neste xurado todos contarán con voz e voto.
9. O día do concurso será o Domingo 20 de Xullo do 2014 ás 20:30 h., na praza Mestre Cerviño de Covelo, onde se exporán os debuxos presentados, coincidindo con outros concursos. **A entrega do premio se outorgará, so se está presente o neno,** salvo enfermidade, que o poderá recoller o seu representante.
10. Todos os participantes presentes serán agasallados cunha bolsa de chucharías.
11. O Concello de Covelo gardase o dereito de quedarse e utilizar os debuxos para calquera fin cultural ou turístico.
12. A participación neste concurso implica a aceptación de tódolos apartados das presentes bases.
13. Quedan excluídos do concurso calquera empregado do concello, pero non os seus fillos, xa que consideramos que os nenos non teñen por qué verse afectados. Así mesmo, tamén quedan excluídos os familiares directamente relacionados co xurado ou a organización.



BASES DO III CONCURSO DE POSTRES 2014

TEMÁTICA: “POSTRES QUE CONTEÑAN MAZÁS”

1. Poderán presentarse a o concurso, todas as persoas interesadas. O **prazo de preinscripción abrirase o 1 de xullo e pecharase o venres, 18 do mesmo mes, ás 14:00 h. nas oficinas de Concello ou na biblioteca pública de Covelo.**
2. Os postres presentados ó concurso deberán ser calquera **postre que conteña mazás**, como ingrediente principal, xa que por sorte neste concello temos gran cantidade e variedade desa froita. A forma en que se presente este ingrediente, (fresco, seco, confitado, asado, cruo, etc) será de libre elección polos participantes.
3. Establécense dous premios:
Premio ó sabor: 100€ e un diploma.
Premio á presentación mais orixinal: 100€ e un diploma.
4. **Os participantes, deberán presentar os seus postres o Domingo, 21 de Xullo do 2013, as 20:00 h. na praza Mestre Cerviño do Concello de Covelo, onde se lles entregará un número identificador, un para o concursante e outro para o postre. So se admitirá un postre por inscrición.** Nese mesmo día, farase a entrega dos premios.
5. A composición do xurado será a seguinte:
 - Un hostaleiro/a (aínda sen concretar).
 - Representante das Mulleres Rurais.
 - Representante da Comunidade de Montes de Covelo.Neste xurado todos contarán con voz e voto.
6. O xurado valorará os postres, cun máximo de 20 puntos:
 - a. Sabor (de 1 a 8 puntos)
 - b. Presentación (de 1 a 6 puntos)
 - c. Orixinalidade (de 1 a 3 puntos)
 - d. Dificultade (de 1 a 3 puntos)
7. O Concello de Covelo, gardase o dereito de utilizar as fotos que deste concurso se deriven para uso exclusivo de promocións turísticas ou culturais.
8. A participación neste Concurso supón a plena aceptación das presentes bases e a conformidade coas decisións do xurado.
9. Quedan excluídos do concurso calquera empregado do concello, pero non os seus fillos, xa que consideramos que os nenos non teñen por qué verse afectados. Así mesmo, tamén quedan excluídos os familiares directamente relacionados co xurado ou a organización.



BASES DO III CONCURSO DE FOTOGRAFÍA 2014

TEMÁTICA: “RÍOS E PONTES DO NOSO CONCELLO”

1. O presente concurso ten como obxectivo a difusión cultural da importancia e o estilo dos nosos ríos e pontes.
2. **A temática** das fotografías a presentar será: **“Ríos e pontes do noso Concello”**.
3. Establécense dúas categorías:
1ª categoría: de 18 anos en diante cun premio de 100€ e un diploma.
2ª categoría: de 13 a 17 anos, cun premio de 50€ e un diploma.
Os premios faranse efectivos no momento do fallo do xurado.
4. Presentación das fotografías: fotos a cor ou en branco e negro. Poden ser impresas en papel fotográfico ou en papel normal. Cun tamaño mínimo de 15x20 cm. Non se aceptarán fotografías que haxan sido manipuladas por ordenador. Cada participante poderá presentar un máximo de dúas obras.
5. **O prazo de admisión dos traballos abrirase o 1 de xullo e pecharase o venres, 18 do mesmo mes, as 14:00 h.** Os traballos presentaranse nas oficinas do Concello de Covelo ou na biblioteca municipal.
6. **As obras serán presentadas sen firma do autor e baixo un lema, que aparecerá escrito no respaldo da fotografía. Irán acompañadas dun sobre pechado, e no exterior deste figurará o mesmo lema que o das fotografías. No interior do sobre depositarase una nota, co nome o apelidos do autor, domicilio.**
7. A organización non se fai responsable dos extravíos ou danos que poidan sufrir as obras presentadas ao Concurso.
8. A composición do xurado será a seguinte:
 - Un hostaleiro/a (aínda sen concretar).
 - Representante das Mulleres Rurais.
 - Representante da Comunidade de Montes de Covelo.Neste xurado todos contarán con voz e voto.
9. O xurado considerará, prioritariamente a creatividade, o vigor da imaxe gráfica, a idoneidade do traballo e a sintonía co espírito do noso medio rural. Así mesmo, reservase o dereito de declarar deserto algún dos premios.
10. O fallo do xurado levarase a cabo o domingo, 20 de Xullo, onde comezará o concurso ás 20:30 h. ó mesmo tempo que os outros concursos que se celebrarán o mesmo día, onde se terán expostas as obras presentadas. **O premio, so se entregará se o premiado está presente.**
11. Os gañadores do premios correspondentes cederán ao Concello de Covelo a propiedade das obras. Ó mesmo tempo, mediante o premio, o Concello de Covelo adquire, en exclusiva e no ámbito mundial, todos os dereitos económicos da propiedade intelectual inherentes á obra premiada e poderán libremente e sen pago de mais prezo, proceder á reprodución, distribución, comunicación pública e transformación durante o prazo sinalado polo artigo 26 do Texto Refundido da Lei de Propiedade Intelectual, tendo dereito a expresar a obra por calquera medio ou soporte tanxible ou intanxible, actualmente coñecido ou que se invente no futuro.
12. A participación en este Concurso supón a plena aceptación das presentes bases e a conformidade cas decisións do xurado.
13. Quedan excluídos do concurso calquera empregado do concello, pero non os seus fillos, xa que consideramos que os nenos non teñen por qué verse afectados. Así mesmo, tamén quedan excluídos os familiares directamente relacionados co xurado ou da organización.

